

Actividades para proxectos | Bloque 3: Interacción. FORMACIÓN PROFESIONAL

FP Grao Medio e Grao Superior. 16 a 20+ anos

Feira Innova eTwinning FP

	Formación Profesional 16 a 20+ anos
	Nivel Básico
	Temporalización 3-4 sesións
	Socios 3-4 socios

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Posta en común de alumnado e profesorado de FP de diferentes prácticas profesionais e participar, de forma conxunta, en obradoiros de innovación profesional.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE


1. Coñecer a práctica profesional que se realiza noutros centros educativos.
2. Promover a innovación e a creatividade entre o alumnado participante.
3. Favorecer a creación de novos proxectos emprendedores.

DESENVOLVIMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1: Os docentes inscriben os alumnos no TwinSpace, entréganlles as claves de acceso e indícanlles o enderezo URL para entrar: <http://twinspace.etwinning.net>

Tutorial: [Como rexistrar alumnado en TwinSpace](#)




Paso 2: Presentacións

Créase un muro virtual utilizando a ferramenta Padlet, <https://es.padlet.com>, ou similar. O título deste muro será **“Presentámonos”**.

Os docentes configuran a ferramenta Padlet para que se poidan incluír comentarios.

Tutorial: [Padlet](#)

Paso 3: O profesorado abre unha páxina de actividades en TwinSpace co título **“Presentámonos”**. Nesta páxina incrustase o muro virtual creado anteriormente.



Tutorial: [Como crear unha páxina de actividades en TwinSpace](#)

Fase 2. Posta en práctica

Paso 4: Cada alumno/a prepara unha presentación persoal, na que debe incluír o seu nome (pode ser ficticio), idade, país, ciclo formativo que está cursando e propoñer un monumento da Unión Europea cunha proposta de mellora que a el/ela se lle ocorra (por exemplo, pintar de cores a Torre Eiffel). Esta presentación pona no muro dixital de Padlet. Tras a publicación do post, cada alumno/a debe elixir a presentación dun compañeiro/eira e comentar a *proposta de mellora* que fixo.

Paso 5. Compartimos o traballo que facemos no obradoiro. Trátase de realizar unha pequena gravación en vídeo (2-3 minutos) onde se amose unha actividade práctica de obradoiro. Cada centro socio prepara as súas filmacións (pode darse o caso de que haxa centros nos que participen varios grupos de diferentes especialidades) que se une á gravación dos outros centros en relación coa especialidade que cursa o alumnado. O profesorado ponse de acordo co sistema de organización dos vídeos e grupos. Para coordinar a constitución dos equipos internacionais utilizarase o chatroom de eTwinning Live.



Tutorial: [Uso e características do chat no TwinSpace](#)

Paso 6. Créase unha páxina de actividades en TwinSpace co nome “**Organización de equipos para as prácticas de obradoiro**”, onde se publican os equipos de traballo internacionais (en relación coa especialidade do Ciclo Formativo) e a concreción dos obradoiros (vídeos) que se presentarán de forma colaborativa.


ORGANIZACIÓN DE EQUIPOS PARA LAS PRÁCTICAS DE TALLER
Edit page

Una vez presentados/as, vamos a compartir nuestras clases prácticas. Cada clase va a filmar una pequeña demostración de taller(2-3 minutos). Se puede grabar con el móvil o con la cámara.

En esta tabla se puede ver la organización de los equipos, países y talleres prácticos.

PAISES	ESPECIALIDAD DE FP	TALLER PRÁCTICO
<u>Alemania y España</u>	CFGM en Farmacia y Parafarmacia	Interpretación de información de envases de medicamentos y cupones
<u>Bélgica e Italia</u>	CFGM en Carpintería y mueble	Operaciones básicas de mobiliario
<u>Italia y Alemania</u>	CFGS Educación y Control ambiental	Proyecto de educación ambiental en el río de tu localidad
<u>Bélgica y España</u>	CFGS Integración Social	Talleres intergeneracionales

Paso 7. Créase unha páxina en TwinSpace de nome, “**Benvidos á Feira Innova eTwinning FP**”. Cada clase grava o seu vídeo de obradoiros prácticos (non máis de 2 minutos); este vídeo únese ao vídeo dos/das seus/súas compañeiros/as do outro país (o produto final non debe exceder dos 5 minutos). Os dous vídeos únense utilizando a ferramenta <https://www.aconvert.com/video/merge/> ou similar. O alumnado deberá

visionar os 4 vídeos finais e comentar que é o que máis lles gusta e o que mellorarían de cada demostración práctica.

BIENVENIDOS A LA FERIA INNOVA ETWINNING FP

Vamos a filmar nuestro taller práctico. Esta filmación se unirá al video del ciclo formativo de la misma especialidad afin en el otro país y se compartirá en el muro virtual que tenéis a continuación de la tabla. Recordad que la duración máxima de cada filmación es de 2 minutos, y que el video final relacionado con cada ciclo no puede durar más de 5 minutos.

Éste será un trabajo colaborativo en el que todos/as podremos compartir nuestra experiencia y conocer las actividades que se realizan en otros ciclos formativos. Una vez estén los videos compartidos, debéis comentar qué es lo que más os gusta de cada demostración práctica en el espacio de comentarios que tenéis al final de cada post.

Para unir los videos, vamos a utilizar: <https://www.aconvert.com/video/merge/>

Maribel • 28m

BIENVENIDOS A LA FERIA INNOVA ETWINNING FP-Compartimos nuestras prácticas de taller

En este espacio compartiremos nuestras prácticas de taller de acuerdo con su especialidad.

Carpintería y • CFGs de Control y gestión ambiental • CFGs de Integración Social • AÑADIR COLUMN...

Maribel 30m

Talleres intergeneracionales

Éste es el video de nuestro taller

Tutorial: <https://www.aconvert.com/video/merge/>

https://cincodias.elpais.com/cincodias/2018/02/19/lifestyle/1519053157_871651.html

Paso 8. Créase unha nova páxina en TwinSpace de nome “**A innovación na FP**”. Sóbese o vídeo “Recomendacións para un proxecto de innovación na FP”

https://www.youtube.com/watch?time_continue=87&v=8Blx3iiu So al apartado MATERIAIS-Vídeos do TwinSpace para que todos os docentes socios/as poidan acceder a el e amosarllo ao seu alumnado.



Alumnado y profesorado tenemos nuevos proyectos en mente que forman parte de iniciativas innovadoras. Vamos a compartir nuestras ideas en la videoconferencia del próximo día 20 de noviembre a las 12h. Antes de iniciar esta videoconferencia, vamos a mirar este video que nos explica como ser creativos y favorecer el crecimiento de nuevas ideas.



Tutorial: [Xestión de vídeos en TwinSpace](#).

Paso 9. Tras o visionado do vídeo organízase un foro de comentarios sobre a innovación na Formación Profesional. Os docentes crean os fíos de debate no foro.



Feria Innova eTwinning FP



¿Qué ideas se me ocurren relacionadas con mi sector profesional?



20.10.2018 17:20

A mi me parece que tenemos que pensar en algo que ya exista y que lo podamos mejorar.

Reply - Quote - Delete



20.10.2018 17:21

¿Y si buscamos información sobre nuevos proyectos que se estén funcionando y que nosotros pudiésemos aplicar?

Reply - Quote - Delete

Paso 10. Os docentes organizan as quendas de palabra e temas da videoconferencia a través de Twinmail (correo electrónico de TwinSpace). Un/unha docente e un/unha alumno/a de cada centro socio presentaránlle a súa idea innovadora ao resto do profesorado e alumnado. A presentación deberá ser breve, non máis de 5 minutos.

New message

To: Javier Soto x Feria Innova eTwinning FP

Subject: Organizamos la videoconferencia de la Feria

B *I* S                                                     

Paso 11. Créase unha subpáxina, “**Flyer da feira**”, na páxina “**A innovación na FP**”. Nesta páxina achégase unha foto ou un póster publicitario do día do encontro.



Paso 12. Créase unha nova subpáxina, “**Programa de traballo da Feira**”, debaixo da páxina “**A innovación na FP**”. Nesta páxina publícanse as charlas que se realizarán e a orde dos/das poñentes.

PROGRAMA DE TRABAJO DE LA FERIA			Edit page
Éstos son los turnos establecidos para la presentación de ideas de innovación y los temas que trataremos durante la videoconferencia.			
PRESENTACIÓN DE LA FERIA INNOVA Etwinning FP	12h	Breve definición innovación FP	
ALEMANIA	12.05h	Formas de <u>hacer difusión</u> de las <u>propiedades preventivas</u> de <u>frutas y verduras</u>	
ESPAÑA	12.10h	Servicio de <u>ayuda a mayores</u> en las gestiones de <u>internet</u>	
BÉLGICA	12.15h	Creación de <u>nuevos muebles</u> con material <u>reciclado</u>	
ITALIA	12.20h	Programa de <u>educación ambiental</u> en las <u>empresas</u>	
CONCLUSIONES y PREGUNTAS	12.25h	Conclusiones finales y turno abierto de <u>preguntas</u>	

Paso 13. Créase un evento en liña no TwinSpace do proxecto e realízase a videoconferencia na data e na hora acordadas. Créase unha nova páxina de actividades “**Imaxes da Feira**”. Neste espazo publicaranse as fotos do encontro.



Fase 3. Recollida de datos, promoción e avaliación

Paso 14. Créase unha nova páxina en TwinSpace “**Autoavaliación da participación na Feira**”. Prepárase un cuestionario de autoavaliación. Cada alumno/a realiza a súa propia autoavaliación. <https://goo.gl/forms/STxrijPizkvAllte32>



Debéis responder a este cuestionario de autoevaluación de vuestra participación en la feria. Es muy importante que seáis sinceros/as sobre vuestras aportaciones a este proyecto.

¡Muchas gracias!

CUESTIONARIO FERIA INNOVA ETWINNING FP

Nombre i apellidos:

1. He realizado la presentación personal de inicio del proyecto

☐ SI

☐ NO

2. Me he implicado en la confección del video taller y he colaborado para compartir la experiencia

☐ SI

☐ NO

Tutorial: [Crear un formulario con Google Drive](#)

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Murais nos que se amosan as presentacións persoais dos/das alumnos/as e a interacción que se realiza entre eles
- Mural colaborativo de vídeos nos que se comparten obradoiros prácticos
- Fotografías e gravación das videoconferencias

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

-TwinSpace: foro do alumnado, materiais-vídeos-fotos, chatroom, videoconferencia

-Taboleiros ou muros dixitais: padlet <https://es.padlet.com>

-Cuestionario- Autoavaliación do alumnado con Google docs:
<https://docs.google.com/forms>



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)



Erasmus+

SchoolEducationGateway

